



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, E A CONFRARÍA DE PESCADORES “LA ANUNCIADA” DE BAIONA PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO ESPAZO PARA A DIVULGACIÓN E POSTA EN VALOR DA CULTURA MARIÑEIRA NA LONXA DE BAIONA MEDIANTE UN SISTEMA DE ATENCIÓN DESASISTIDO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa Confraría de pescadores “la Anunciada” de Baiona o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e a confraría de pescadores “La Anunciada” de Baiona para levar a cabo a mellora da accesibilidade e a interpretación co obxecto de converter a lonxa de Baiona nun espazo para a divulgación, a adquisición de coñecementos e a posta en valor da cultura marítima desta localidade e a súa xestión, mediante un sistema de atención desasistido, por parte da confraría de pescadores “La Anunciada” de Baiona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que a Consellería do Mar ten entre as súas competencias as relativas a innovación, a investigación mariña e as relativas a divulgación e transferencia tecnolóxica sobre o mar e a pesca, que executa tanto a través dos seus propios recursos e programas como en colaboración con outras entidades, apoiando as accións que coinciden cos obxectivos da Consellería.
- Que a Consellería a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, participa coma beneficiario do proxecto Ecodestin_3in, dentro do cal ten encomendada a execución dunha acción piloto para mellorar a accesibilidade ao espazo para a divulgación e a posta en valor da cultura mariñeira mediante un monumento singular desasistido.
- Que para executar esta acción piloto, de mellora da accesibilidade e a interpretación nun monumento singular desasistido, seleccionouse a instalación da lonxa de Baiona, coma un espazo onde ofrecer unha interpretación sobre a cultura mariña.
- Que a confraría de pescadores “La Anunciada” de Baiona é unha corporación de dereito público, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins e o exercicio das funcións que lles están encomendadas, que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración na promoción do sector pesqueiro e representan intereses económicos e corporativos dos profesionais do sector.





- Que a confraría de pescadores “La Anunciada” de Baiona xestiona, en réxime de concesión administrativa, a lonxa de Baiona e está interesada en prestar apoio na execución deste proxecto Ecodestin_3in, en concreto, na actuación que trata de converter a lonxa de Baiona nun monumento á cultura marítima desta localidade e para dar servizo como un espazo para a divulgación, adquisición de coñecementos e posta en valor da cultura mariñeira de Baiona.
- Que as confrarías de pescadores (coma concesionarios das lonxas) poden realizar actividades de turismo mariñeiro orientadas á valorización e difusión do seu traballo no medio mariño, así coma os costumes, tradicións, patrimonio e cultura mariñeira; tal e coma se establece no art. 112 da Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia (DOG núm. 243, de 16.12.2008). Estas actividades consideraranse coma complementarias ás actividades propias do colectivo de profesionais do mar.
- Que ambas as partes consideran de interese a colaboración na actuacións obxecto deste convenio porque contribúen de forma clara a acadar os obxectivos do proxecto Ecodestin_3in contribuíndo á valorización do patrimonio cultural e natural, tanto material coma inmaterial, ao desenvolvemento do turismo costeiro e a promoción internacional de Galicia e da Eurorexión como destino náutico e natural de costa e de interior ao promover a lonxa de Baiona coma monumento desasistido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

